

Apoio incondicional a@s traballador@s do téxtil de Pontevedra na súa loita por renovar o convenio

Apoio incondicional a@s traballador@s do téxtil de Pontevedra na súa loita por renovar o convenio

03/5/10.

Dende este blog, as afiliadas da CIG en Pimkie A Coruña e Compostela queremos solidarizarnos cos compañeiros e compañeiras do sector en Pontevedra no seu propósito de actualizar o caduco convenio polo que se rexen, o cal expirou a finais de 2008. Animámol@s a saír á rúa porque é aí onde se acada a forza precisa para negociar coa patronal. Como exemplo, sinalar a loita levada a cabo pol@s traballador@s do comercio vario na Coruña coa cal se obtiveron melloras tanto a nivel salarial como social (redución da xornada anual, pagamento dun complemento por traballar domingos e festivos e total voluntariedade de acudir, regulación da xornada para os contratos a tempo parcial, etc.). Por suposto, esperamos acadar máis cando remate a vixencia do actual convenio (30 de xuño de 2011) e se negocie o novo. Así que... **ánimo e a continuar na loita.**